

PROXECTO OBSERVA_ACCIÓN 22-23



IES LEIRAS PULPEIRO

Novembro 2022



Índice

Introdución.....	2
Traballo desenvolvido en formación e innovación.....	2
Xustificación para o curso 2022/2023.....	2
Motivación para participar.....	2
Elección da liña de Innovación e Investigación.....	2
Contexto educativo.....	3
Participación en actividades de divulgación.....	3
Participantes.....	3
Experiencias e Participación en Proxectos.....	3

Introdución

O proxecto de Dirección para o período 21-25 do IES Leiras Pulpeiro parte da situación dun alumnado cunha grande diversidade para o que cómpre dar respostas acompañadas dunha formación e actualizacións constante do profesorado.

Entre os obxectivos específicos, establécense os seguintes Obxectivos referentes á formación do profesorado:

- Organizar sesións de intercambio de experiencias entre o profesorado e integralas no plan de formación.
- Promover a realización de actividades de tipo interdisciplinar na procura dun ensino máis orientado a proxectos.
- Avanzar na formación do profesorado no relativo á atención do alumnado con necesidades educativas especiais, identificando actuacións concretas para casos concretos.

No período 21-22 desenvolvéronse no centro dúas liñas de traballo que deron forma ao noso Plan de Formación Permanente do Profesorado, cunha grande participación do Claustro especialmente na súa liña sobre innovación.

A presentación da nosa solicitude a este proxecto Observa_Acción encaixa á perfección na nosa dinámica do centro, xa que, ademais do PFPP, complementa e estende as actividades de Job Shadowing que temos presente nos nosos proxectos Erasmus+.

É por este motivo polo que decidimos dar este paso e facer posibles os obxectivos horizontais do noso PFPP, xa que os verticais estaban cubertos pola liña de innovación e os horizontais do Erasmus+ presentaban barreiras idiomáticas importantes para grande parte do noso profesorado.

Traballo desenvolvido en formación e innovación

Nos últimos anos o IES Leiras Pulpeiro deu un grande salto na elaboración dun PFPP máis completo e participativo e na dinamización de programas de innovación a través dos Contratos-Programa e outras convocatorias.

Formación

Plan Dixital

Dentro da liña do plan dixital perseguimos obxectivos ao redor dun uso máis intenso da aula virtual que mellore a faga máis transparente as comunicacións co alumnado e familias. Os obxectivos son os seguintes:

1. Dixitalización docente.
2. Avaliación do alumnado a través da aula virtual.
3. Aumento no uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Para acadar estes fins están previstas sesións de formación internas, algunha delas xa realizada no momento da redacción deste documento.

Por último, incorporamos unha sesión formativa sobre Dixitalización e Atención á Diversidade na que pretendemos actualizar o noso labor especialmente na atención ao alumnado con TDAH e ao alumnado con Altas Capacidades.

Seminario "Así Fai o Leiras"

O noso seminario "Así Fai o Leiras" xunto a 60 docentes do noso centro educativo nos últimos dous anos que, durante todo o curso, foi desenvolvendo un programa formativo orientado a dar a coñecer o traballo dos compañeiros e compañeiras e promover a elaboración de proxectos educativos transversais.



Nestes dous anos incorporamos unha sesión denominada “Experiencias Compartidas” moi na liña do proxecto Observa_Acción. O programa desa sesión que tivo lugar o 16 de febreiro, foi o seguinte:

HORA	POÑENTE	DEPARTAMENTO	TÍTULO
16h	Manuel Vilarinho	Dirección	<i>Presentación da Sesión</i>
16:10h	Xabi Díaz	Dirección	<i>EduExcelencia</i>
16:20h	Suso Coucheiro	Biblioteca	<i>Biblioteca Viva</i>
16:30h	Lidia Ascariz	Orientación	<i>TEA-Leiras</i>
16:40h	Belén Martín	EDLG	<i>Normalizar e dinamizar. Que fai un ENDL?</i>
16:50h	Silvia Loureiro	Historia	<i>A nosa historia é compartida</i>
17h	Cristina Gómez	Bioloxía	<i>Compartindo ciencia</i>
17:10h	Belén Somoza	Plástica	<i>Plástica no Leiras</i>
17:20h	Luisa e Miguel	EF	<i>Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar (XOGADE): COÑECENDO O DEPORTE DE ORIENTACIÓN</i>
17:30h	María e Lara	Música	<i>O Leiras dá a nota</i>
17:40	Ana	Matemáticas	<i>O origami. As Matemáticas do Papel.</i>

Para o mes de febreiro deste ano temos programada unha segunda sesión desta xornada formativa.

Innovación

Nos últimos dous cursos o noso centro educativo participou en dous contratos-programa sobre innovación. Son os seguintes:

- **EduSostibilidade** no que o centro se compromete cos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

- **EduSaúde** a través do que se fai promoción de hábitos de vida saudable desde dúas fronteiras: a valoración da educación física para combater o sedentarismo e a adición ás pantallas e a divulgación dunha alimentación máis saudable.
- **EduExcelencia**, co que pretendemos dar pasos para acadar a excelencia reforzando unha competencia determinada, no noso caso a competencia da expresión artística.

Ademais no noso centro leva anos consolidando unha liña de traballo na que se promove o xadrez, non só como estratexia de mellora da competencia matemática senón que tamén como ferramenta inclusiva.

Toda a información sobre a nosa participación nestes programas educativos pode ser consultada en <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesleiraspulpeiro/>

Xustificación para o curso 2022/2023

A nosa participación no proxecto Observa_Acción xustifícase do seguinte xeito:

Motivación para participar

O ano pasado comezamos coa nosa liña formativa de Innovación "Así fai o Leiras" e neste ano démoslle continuidade coa segunda edición.

Son obxectivos fundamentais deste programa:

- Difundir entre o profesorado a actividade dos diferentes equipos e espazos de traballo.
- Coñecer a actividade docente do Leiras.n.
- Coñecer os espazos e a contorna do centro..

Pretendemos reforzar estes obxectivos co programa Observa_Acción, co obxecto de estender a aprendizaxe a un contexto no que o noso alumnado estea presente e entre en xogo, para alén de cuestións metodolóxicas, a tan importante xestión da aula.

Por outra parte, este mesmo ano recibimos unha acreditación Erasmus+ para o período 22-27. O noso proxecto, centrado no combate contra o abandono escolar temperán, inclúe unha actividade de Job Shadowing que este ano temos xa concertada cun centro educativo da cidade portuguesa de Braga.

O noso centro ten experiencia neste tipo de mobilidades. No curso anterior recibimos a visita de 2 profesoras danesas da cidade de Sønderborg que se achegaron ata o Leiras para interesarse sobre determinados aspectos da nosa atención á diversidade.

Con ese mesmo motivo dous profesores de Valença do Minho pasaron 3 días no noso instituto onde participaron en diversas actividades co noso profesorado.

O programa Observa_Acción daría continuidade a estas actuacións nun ámbito máis local que se irá estendendo a través das diferentes fases establecidas na súa convocatoria.

Elección da liña de Innovación e Investigación

O nosa liña formativa "Así fai o Leiras" atende ás competencias profesionais do seguinte xeito:

Competencia profesional 1: Investigador/a e innovador/a

Subcompetencia profesional: Realización e execución de propostas.

Nivel competencia profesional: 1

Competencia profesional 2: Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado

Subcompetencia profesional: Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.

Nivel competencia profesional: 1

Parécenos axeitado empregar esta mesma liña para enmarcar dentro do noso PFPP o proxecto Observa_Acción.

Contexto educativo

O barrio de Abella-Casás vén de experimentar importantes transformacións dende que en 1998 o noso centro educativo iniciara a súa actividade para garantir unha alternativa de proximidade en secundaria para o alumnado dos centros de educación primaria Menéndez Pelayo e Casás. Na altura, o centro neurálxico do barrio estaba na Residencia Hospitalaria da que dependían moitos dos servizos que nel se prestaban. O traslado ao novo Hospital e demolición das antigas instalacións deixou unha baleiro que estaba destinado a ser cuberto polas novas dependencias públicas a ocupar nos espazos reformados e polo novo centro comercial situado no lugar da antiga fábrica que lle deu nome ao barrio e que tivo que pechar poucos meses despois de ser aberto.

O ISEC (Índice Socio-económico e Cultural) das familias é medio-baixo, seguramente acusada nos últimos anos debido a situación económica global e aos acontecementos anteriormente descritos. Temos polo tanto, situacións de partida moi diversas que fai que como docentes teñamos que atender a diferentes retos e maternos actualizados non só en canto aos contidos e metodoloxía se non que tamén en canto a xestión da aula, nomeadamente neste tempo post-pandemia, a xestión da delicada situación emocional no que se encontra a poboación.

Participación en actividades de divulgación

Toda a nosa actividade nos distintos proxectos educativos nos que participamos é divulgada a través da nosa páxina web e dos nosos perfís en redes sociais, que son os seguintes:

web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesleiraspulpeiro/>

facebook: <https://www.facebook.com/leiraspulpeiro/>

instagram: <https://www.instagram.com/leiraspulpeiro/?hl=es>

youtube: <https://www.youtube.com/user/IESLeirasPulpeiro>

Cómpre destacar tamén o noso polo creativo fundamental Radio Leiras, moi activo a través do contrato-programa eduExcelencia e que constitúe unha ferramenta fundamental nas actividades desenvolvidas nos nosos proxectos Erasmus+.

Participantes

Neste primeira convocatoria para a que solicitamos participación, temos 6 docentes comprometidos que esperemos, abran camiño e estimulen a continuidade desta actividade para vindeiras ocasións. Pensamos que o motivo de que non haxa un maior compromiso é, por un lado as características propias dun centro de cidade, e por outra a presenza importante dun PFPP de centro moi completo que colma as necesidades, en gran medida, do noso Claustro.

Os participantes propostos son:

- Díaz Fernández, Xosé Xabier.
- Gayoso Neira, María Inmaculada.
- Gómez Rodríguez, Cristina.
- Martínez Loureiro, José Manuel.
- Pérez Zapiain, Yolanda.
- Vilariño Freire, Manuel.

Experiencias e Participación en Proxectos

A nivel institucional promóvese a colaboración/participación do Centro en actividades con marcado carácter educativo propostas por outras institucións. Neste sentido, este ano temos solicitado e concedido o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

- Creación da Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO)
- Participación en 3 Proxecta + (Aliméntate ben, Quérote+, Xogade)
- Participación en 3 CPIInnova (EduSostibilidade, EduExcelencia, EduSaúde)
- Participación en 5 CPIInclúe (Inclue-t, Queda-t, Convive-t, Emociona-t, Iguala-t)
- Participación en PROA+ coa achega de 1 profesor de Física e Química.
- Acreditación Erasmus+ 22-27
- Club de Lectura 22-23